



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES:

Alberte Pivida, Rodrigo
Alfonso Carbó, Pedro
Allegue Aguete, Pilar
Alonso Vega, María Flora
Andrés Iglesias, Jesús
Arias Acuña, Alberto Marcos
Barreiro Alonso, Enrique
Blanco García, Adrián
Blanco Pesqueira, Antonia
Blanco Sierra, Javier
Bravo Bernárdez, Jorge
Carballo González, M^a de los Ángeles
Carrillo Pérez Rosalia
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Chavete Rodríguez, José
Cid Fernández, Xosé Manuel
Coello Pulido, Ángela
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Costas González, Xosé Henrique
Cristobal Ortega, M^a Julia
Cuevas Alonso, Miguel
De Oca Cancela, Guillermo
Diéguez Rodríguez, José Miguel
Dopico Aneiros, M^a Dolores
Dopico Castro, Marcos
Fariña Rodríguez, José
Fernández Araújo, Iván
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Fustes, M^a Dolores
Fernández Iglesias, Manuel José
Fernández Jauregui, Manuel
Fernández Souto, Ana Belén
Ferro Soto, Carlos
Fraiz Brea, José Antonio
García Bugarín, Mercedes
García Estévez, José Manuel
García González, Silvia
García Iglesias, Jaime
Pino García, Antonio
García Señorán, M^a del Mar
García Soidán, José Luis
García-Pintos Escuder, Adela
Gil Villanueva, José M^a
González Cerdeira, Julia
González Dopazo, Lois
González Varela, Luis
Graña Rodríguez, Ana María
Hernández Sánchez, Jesús
Iglesias Blanco, Raúl
Lantarón Caeiro, Eva M^a
López Rubianes, Lucrecia M^a
López Sánchez, Óscar
Lugo Latas, Luis
Mandado Vázquez, Alfonso
Martínez Martín, M^a José
Mato de la Iglesia, Salustiano
Meana Martínez, Juan Carlos
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Miguez Miramontes, Jesús Manuel
Mollinedo Lois, Carlos
Novoa Fernández, Yolanda
Patiño Cambeiro, Faustino
Pato Rodríguez, Santiago Eduardo
Pena Uris, Gloria M.
Peña Gallego, Ángeles
Pérez Cota, Manuel
Pérez Gómez, Luis
Pérez Juste, Ignacio
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Pita Grandal, Ana María
Porto Porto, Benjamin
Pou Saracho, Juan María
Prieto Jiménez, Inmaculada
Prieto Troncoso, Javier José

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo convocada para o día 9 de novembro de 2015, ás 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda, no Salón de Actos da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación do Campus de Pontevedra.

O día **9 de novembro de 2015** ás 10:35 h deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario, co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 1 de xullo de 2015.
2. Informe do reitor:
 - *Repercusión do Real decreto lei 10/2015 na comunidade universitaria*
 - *Plan de financiamento das universidades do SUG*
 - *Información sobre o convenio para a impartición de docencia clínica*
 - *Consecución da bandeira verde para o Campus de Pontevedra*
 - *Procesos de creación do Consorcio Interuniversitario Galego (CISUG)*
 - *Avances no proceso de modificación dos Estatutos da UVigo*
 - *Varios*
3. Aprobación, se procede, do Plan de actuación e acollida de alumnos e docentes refuxiados.
4. Aprobación, se procede, da Moción a prol da recuperación da categoría de “Materia sen docencia”.
5. Elección dos membros da Comisión de Plans Estratéxicos:
 - a. Sector PDI-A: 7
 - b. Sector PDI-B: 2
 - c. Sector Estudiantes: 4
 - d. Sector PAS: 2
6. Elección dos seguintes representantes no Consello de Goberno:
 - a. Sector Estudiantes: 2
 - b. Decanos/Directores: 2
7. Elección do seguinte representante na Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos:
 - a. Sector Estudiantes: 1
8. Elección dun membro da Comisión de reclamacións a prazas do profesorado funcionario: 1 vacante.
9. Rogos e preguntas.

Antes do comezo da sesión a profesora Adela Sánchez fai constar unha reclamación, porque na orde do día do Claustro, enviada xunto coa convocatoria, non constan no informe do reitor algúns puntos que foron acordados na Mesa do Claustro e, en cambio, aparecen outros.

Quintás Graña, Camilo
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rey Losada, Francisco Jesús
Ríos Santomé, María José
Rivas Conde, Filemón
Rodríguez de Prado, Francisco
Rodríguez Freire, Noel
Rodríguez Gallardo, Ángel
Rodríguez Rajo, Fco. Javier
Rodríguez Vázquez, Virgilio
Sánchez Moreiras, Adela M.
Santos Reyes, Valentín
Seoane Posse, Elena Celsa
Siota Álvarez, Mónica
Tugores Martorell, Francisco
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique
Vallejo Pousada, Rafael
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Vázquez Otero, Elsa
Vázquez Vicente, Xosé Henrique
Vera Isasa, María
Viana Lobato, Miguel
Vila Alonso, Mercedes
Zas Varela, Mónica

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Alba Castro, José Luis
Alemparte Villamarin, Andrea
Arévalo Tomé, Raquel
Bajo Palacio, Ignacio
Baltrusch, Burghard
Barajas Alonso, Angel Antonio
Basalo Domínguez, David
Bergantiño Cid, Gustavo
Bueno Alonso, Jorge Luis
Carballo Rial, Rosa
Cid Rodríguez, Tania
Conde Casas, Sofía
Costa González, Alicia
Couñago Méndez, Práxedes
Cuiñas Gómez, Iñigo
De Lorenzo Rodríguez, Edita
Diéguez Quintas, José Luis
Diz Queija, Rebeca
Durán Vázquez, José Francisco
Falagán Mota, Jorge
Fernández Docampo, María Belén
Fernández Manin, Generosa
Fernández Pintelos, María José
Fernández Riverola, Florentino
Ferreiro Vázquez, Óscar
García Bugarín, Mercedes
García Gil, Soledad
García González, Marta
García Sánchez, Manuel
Gómez Rodríguez, Alma María
González Jorge, Higinio
Gutiérrez Sánchez, Águeda
Llamas Nistal, Martín
López Lago, Marcos
López Pérez, Luis
Loveira Pazó, Rosa M^a
Martínez Rey, Adrián
Mayobre Rodríguez, Purificación
Mohamed Falcón, Kais Jacob
Paz Penín, Concepción
Picos Martín, Juan
Porteiro Fresco, Jacobo
Quintás Corredoira, M^a Ángeles
Rey García, Daniel
Rodríguez Barcia, Susana
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Rodríguez Vázquez, Rosalía
Sieiro Vázquez, Carmen
Vázquez Dorrio, José Benito
Velasco Graña, M^a Rita

O reitor explica que o informe do reitor debe incluír aquela información que o reitor quere transmitir aos membros do Claustro. Indica que todos os puntos tratados na xuntanza da Mesa do Claustro serán tratados a continuación, aínda que na orde do día se agruparon en “Varios” para que non se fixera moi extenso. A profesora Adela Sánchez manifesta a súa desconformidade por ser, ademais, os puntos suxeridos por ela os únicos que non aparecen na orde do día.

O reitor dá comezo á sesión dando a benvinda aos claustrais, indicando que desculpan a súa presenza no Claustro un total de 53 persoas. Lembra tamén que esta sesión realízase pola falta de quórum para a celebración da anterior, prevista para o día 14 de outubro. Por acordo da Mesa do Claustro, decidiuse manter a mesma orde do día e tamén o mesmo lugar de celebración, en consonancia co acordo tomado na sesión de decembro, relativo á rotación das sesións do Claustro entre os tres campus da Universidade de Vigo.

A continuación informa dos acordos adoptados pola Mesa do Claustro ao inicio da sesión:

En relación aos procesos electorais que se recollen nos puntos 5,6,7 e 8 da orde do día, acórdase que as votacións poidan comezar dende o inicio da sesión do Claustro. Cando se chegue aos puntos relativos ás eleccións, concederanse quince minutos para que os membros da Mesa e os claustrais que non votaran ata ese momento o poidan facer. A continuación procederase ao recuento dos votos.

Informa o reitor que de todas eleccións previstas só será necesario realizar votacións en dúas, xa que no resto presentáronse candidaturas en número menor ou igual que o de prazas a cubrir. Os procesos a levar a cabo son:

- 1) Elección de representantes do PDI-B na Comisión de Plans Estratéxicos: presentáronse 3 candidaturas para dúas prazas. Só poderá votar o persoal docente e investigador sen vinculación permanente á Universidade e poderá votar como máximo a unha candidatura. As papeletas son de cor rosa.
- 2) Elección de representantes de estudantes no Consello de Goberno: tamén se presentaron 3 candidaturas para dúas vacantes. Só poderán votar estudantes, apoiando como máximo a unha candidatura. As papeletas son de cor branca.

Indica que a Mesa do Claustro acordou ordenar alfabeticamente os pedimentos de palabra, consonte co establecido no artigo 16 do Regulamento do Claustro. Realizouse o sorteo da letra que sinala o inicio das intervencións, sendo o “ Z ” a letra resultante. Igualmente, decidiuse fixar o tempo do debate, concedendo cinco minutos para a primeira intervención e dous minutos para a réplica.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 1 de xullo de 2015.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen explica que se presentaron dúas alegacións á acta. Dá conta inicialmente da presentada polo representante de alumnos, D. Luis González Varela, que inclúe algunhas modificacións á redacción de dous puntos da acta, relativos ás súas intervencións. A secretaria dá lectura á proposta de redacción do punto 4.-“Aprobación, se procede, da creación da Escola de Enxeñaría Aeroespacial”, o parágrafo: *“Intervén o alumno Luis González Varela para solicitar que se inclúa de maneira específica na acta do presente Claustro o compromiso de dotar á nova Escola de Enxeñaría de equipamentos, espazos e recursos humanos e económicos propios. Di que aínda que está implícito quere que quede explícito. Engádesse o compromiso explícito á aprobación da creación da Escola de Enxeñaría Aeroespacial.”* E no punto 14.- Rogos e preguntas, no punto que reflicte a súa intervención: *“O estudante González Varela agradece a asistencia ao primeiro Claustro que se fai no Campus de Ourense. Agradece tamén o traballo feito polo Tribunal de Garantías e pídelles que teña un papel máis activo na aplicación das normativas. Solicita do reitor un compromiso sobre a aplicación da nova normativa de permanencia, para paliar os efectos da mesma ao curso que vén e os que queden ata a aprobación dunha nova; e lembra que o dereito a asistir a unha avaliación continua é un dereito de todo o alumnado, non unha obriga. Por último, opina que o debate sobre a universidade única é lexítimo. O reitor responde que o acordo sobre a normativa de permanencia xa está feito e será enviado nos próximos días.”*

Continúa dando lectura á alegación presentada por D. Juan Pou Saracho, director da EEI, quen puntualiza o referido ás súas intervencións. No Punto 4 a redacción corrixida sería: *“Intervén o profesor Pou Saracho para dicir que está de acordo co cambio do nome e a creación da escola, pero pide que no futuro se fagan antes as contas, para saber canto vai custar. Di que ten que facelas a Xunta de Titulación, porque é o órgano da Universidade de Vigo que mellor coñece as necesidades da titulación”.* No punto 10: o parágrafo modificado quedaría: *“O reitor informa de que é unha proposta feita polo sector de estudantes. Si que a directora da Unidade de Igualdade non pode estar presente e lee un comunicado que esta elaborou sobre o mesmo. Intervén o profesor Pou Saracho, para pedir que non se esquezan ás mulleres que se dedican á tecnoloxía”.*

Informa a secretaria xeral que tamén se presentaron dúas correccións de erros. O primeiro relativo á inclusión do profesor Baltrusch na lista dos claustrais que desculpou a súa asistencia e o segundo en relación ao lugar de celebración da sesión, que foi o salón de actos Marie Curie do Edificio Politécnico do Campus de Ourense.

Pregunta o reitor se hai algunha alegación máis e intervén o profesor Rodríguez Gallardo para solicitar que no punto 2, páxina 3, no parágrafo "Intervén o profesor Gallardo...", na liña 6 debe dicir: *"que houbo unha vulneración flagrante da normativa desde hai anos"* (no texto di: "no ano 2015"). No punto 14. Rogos e preguntas, páxina 9, liña 10 e seguintes "rógalle ao reitor que lea con atención a normativa de 2006 e, especialmente, os artigos 3.2., 3.4, 3.5. e 4." (engadir 4.). No mesmo punto, propón a seguinte redacción do parágrafo: *"...nomes das persoas responsables dese informe e do proceso de denuncia dese comportamento machista e vexatorio que se viña producindo nas listas de correo da Universidade, e que son: a máxima especialista en represión feminina na Galiza, Victoria Martins; a feminista real e dunha peza Adela Sánchez Moreiras, e a PAS Rita Velasco"*

A secretaria xeral prega que sexa enviada esta alegación por escrito, indicando o profesor Rodríguez Gallardo que o fará chegar por correo electrónico.

Pregunta o reitor se todas estas alegacións son admitidas e se aproba a acta. Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Comeza o reitor o seu informe explicando que na xuntanza da Mesa do Claustro do 6 de Outubro se detallaron algún dos temas que se ían incluír neste punto, o que non é o habitual, senón que é un costume particular deste reitor. Por cuestións de actualidade hai algunhas cousas máis que considera interesante

abordar. Continúa dicindo que ao non haber quórum na sesión anterior, acordouse na Mesa que se desagreguen os temas que se incluírían no informe. Insiste que todos os solicitados na Mesa do Claustro serán tratados nesta sesión, aínda que non estean enumerados individualmente na orde do día.

Dá conta o reitor que o Real decreto lei 10/2015, publicado no BOE o pasado 12 de setembro, contén unha serie de medidas que afectan ao persoal da universidade. Por unha parte, recupéranse dereitos perdidos, como os días de asuntos propios e vacacións e a recuperación da parte restante da paga extra retirada no ano 2012, pero por outra parte, na disposición final segunda deste Decreto introdúcese unha modificación da LOU, referente á convocatoria de prazas de profesorado funcionario. Comenta que as universidades poderán convocar prazas de profesorado funcionario, sempre que as prazas estean dotadas no estado de gastos dos seus orzamentos, mediante prazas de quenda libre, que segue condicionado pola taxa de reposición de efectivos. Lembra que o 15% das mesmas debe destinarse a prazas de profesorado contratado doutor ás que só poderán acceder as persoas que rematasen un contrato como investigadoras Ramón y Cajal e dispoñan do certificado I3.

Como novidade fundamental, di o reitor, o RD incorpora a promoción interna do corpo de profesorado titular ao corpo de catedráticas e catedráticos. Estas prazas son adicionais ás anteriores e o seu número está limitado como máximo ao número de prazas de profesorado funcionario que se convoquen no oferta de emprego público anual. A estas prazas poderá presentarse calquera persoa coa acreditación para o corpo de catedráticos de calquera universidade do estado, ou calquera pertencente á escala de investigadores científicos de organismos públicos de investigación. O reitor continúa explicando que o Real Decreto establece que as prazas que se ocupen por mobilidade de profesorado non computarán no cálculo do número máximo de prazas da oferta de emprego público.

Comenta o reitor que estes cambios teñen aspectos positivos e negativos, pero que dende a universidade seguiremos loitando pola eliminación da taxa de reposición que afecta en especial ás universidades novas como a nosa, e para que se recupere a autonomía da universidade na convocatoria de prazas, autonomía que foi reducida pola chamada crise económica.

Seguindo co seu informe, o reitor pasa a dar conta da aprobación do Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego para o quinquenio 2016-2020, que tivo lugar na xuntanza do Consello Galego de Universidades do 13 de outubro. Comeza destacando tres aspectos que considera positivos do plan, pero con matices. En primeiro lugar, a existencia dun plan plurianual, que non teñen todas as comunidades autónomas, é unha reivindicación das universidades e debe ser recibida positivamente, na medida na que supón a consecución dun novo marco de estabilidade orzamentaria, e ter un horizonte claro de financiamento facilita a programación a longo prazo nas institucións universitarias. Como segundo aspecto positivo menciona o lixeiro aumento no orzamento global, que na tendencia de descenso continuo de recursos públicos, debe ser valorado. Destaca o reitor que este incremento está ligado a indicadores que, no caso de que a situación macroeconómica mellore, permitirían un incremento do financiamento. Como terceiro punto positivo, di que se atenderon as reivindicacións que viñamos facendo dende a universidade de Vigo, xa que na determinación da parte estrutural abandónanse os criterios históricos que non obedecían a criterios obxectivos. No plan actual propónse unha distribución baseada en criterios racionais. Como matiz negativo neste apartado sinala o reitor o financiamento diferencial da docencia clínica fronte as demais, pero habería que calibrar o custo real da docencias científica e tecnolóxica, establecendo unha escala graduada na súa valoración.

Como aspectos negativos do novo plan menciona o reitor que a porcentaxe do financiamento por resultados é regresivo. A pesar do aumento nominal desta partida ao 33% en relación co plan anterior, que era un 30%, en realidade redúcese a un 15%. Porque agora se inclúen nesta partida conceptos que non gardan relación cos resultados, como as achegas destinadas á UNED, aos Consellos Sociais, sexenios ou tramos do profesorado, que antes se incluían no fondo estrutural. Con todo, como matiz positivo destaca o reitor que o fondo estrutural e o de resultados funcionan como vasos comunicantes, por iso na medida que se vaian equilibrando o déficit das universidades, como consecuencia do plan de axuste que deben cumprir, irase reducindo a compoñente estrutural e poderá ir aumentando a de resultados.

Un segundo aspecto negativo no que incide ten que ver cos indicadores empregados no 15% do financiamento por resultados. Neste plan mudou o panel de indicadores para a medición dos resultados

que foran consensuados no plan anterior, este cambio non responde a unha calibración dos anteriores, polo que non pode entenderse a súa causa. Entende que algúns deses indicadores prexudican á UVigo, xa que non se ponderan polo factor tamaño, de xeito que se prima o tamaño da universidade. Tamén entendemos que a universidade debe ser activa, polo que os criterios de transferencia e internacionalización deberían priorizarse, pero neste plan debilítanse. Como matiz positivo, sinala que se logrou incluír unha comisión de seguimento, que ten a posibilidade de poder modificar ese panel de indicadores. Activaremos esa comisión para realizar unha valoración dos indicadores actuais e poder ir modificándoos para conseguir unha mellor distribución da porcentaxe por resultados.

O seguinte punto do informe do reitor fai referencia á sinatura do convenio entre as universidades de Vigo, A Coruña e Santiago e as consellerías de Sanidade e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para regular a colaboración entre as tres institucións na impartición de docencia clínica do grao en Medicina da USC, que tivo lugar o xoves oito de outubro. Trátase dun acordo histórico na opinión do reitor, xa que levábase dez anos negociando e finalmente fomos quen de sacalo adiante, para que a formación de tódolos alumnos conte con todo o apoio do SERGAS. Destaca o reitor como aspecto especialmente relevante o que se lograra que todos os profesores teñan a mesma consideración académica, o que non acontecía ata agora.

Prosegue o reitor informando da obtención, por parte do Campus de Pontevedra, da primeira bandeira verde coa que a Fundación para a Educación Medioambiental recoñece en España a un campus universitario polo seu traballo en materia de xestión e educación ambiental. Un xurado nacional do proxecto Green Campus acordou conceder por unanimidade a distinción a este campus da Universidade de Vigo e será recibido ao longo do próximo mes.

Continúa o seu informe o reitor dando conta dos avances realizados na creación do Consorcio Interuniversitario Galego (CISUG). Informa de que as tres universidades de Galicia levan traballando nos últimos meses a prol da creación dun Consorcio Interuniversitario, consonte ao requirido polo artigo 66 da Lei do Sistema Universitario de Galicia, para a xestión de servizos e a consecución de fins de interese común. Deste traballo xurdiu un borrador dun convenio para a creación do consorcio e dos seus estatutos, no que as tres universidades amosan o seu interese de colaborar nos eidos académico, económico e de xestión. Pero, tras a aprobación da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público, modificouse o marco normativo de tal xeito que a participación da Xunta de Galicia debe ser superior á prevista. Isto require que se teñan que incorporar á negociación a Secretaría Xeral de Universidades e as Direccións Xerais da Función Pública e de Orzamentos. A próxima xuntanza levarase a cabo previsiblemente a finais de novembro ou principios de decembro. Confiamos en que a partir de este punto se poidan iniciar os trámites de creación do Consorcio que permitirá fusionar Bugalicia, CIUG e CXUG e ter unha fiestra única que permita mellorar a xestión dos títulos comúns.

A continuación o reitor pasa a informar dos avances realizados na Comisión De Modificación dos Estatutos e dos traballos paralelos que se están a levar a cabo cos representantes dos estudantes, a quen agradece a súa participación. A comisión de estatutos, xa completou tres dos seis títulos do futuro proxecto de estatutos (Título Preliminar, Réxime económico e financeiro da Universidade, e Reforma dos Estatutos). Refire que estase rematando o borrador do Título I; estando completos os artigos que regulan o Claustro, Consello de Goberno, Consellos de Campus e Consello Social. E falta pouco para finalizar os artigos reguladores dos órganos unipersoais. Comenta o reitor que o procedemento está a ser moi participativo, a pesar de que se retrase un pouco a elaboración final dos artigos. Cando se finalice esta redacción, o borrador será elevado ao pleno da Comisión. Di que está previsto que antes do nadal comece a actuación do Grupo II, encargado de desenvolver os artigos relativos á comunidade universitaria, que recolle os aspectos relativos aos dereitos e obrigas do PAS, PDI e estudantes.

En relación cos traballos que se están a desenvolver en paralelo cos representantes do estudantado, lembra que na sesión anterior do Claustro adquirimos o compromiso de avanzar na elaboración da nova normativa de permanencia e progreso na universidade. En consecuencia, antes do verán a vicerreitora de Estudantes mantivo unha xuntanza cos representantes do alumnado, para definir os artigos que necesitaban modificación e as posibles alternativas. Como resultado desa xuntanza, os estudantes enviaron unha proposta que se está a valorar na Vicerreitoría de Estudantes. Durante os meses de

novembro e decembro se traballará conxuntamente na redacción do documento final. O retraso producido na negociación da versión final desta normativa débese a que se está a elaborar en paralelo a nova normativa de prácticas de Universidade que está agora mesmo xa en versión borrador. En ambos casos, antes de someter á aprobación do C.G. ambas normativas, será consultado cos estudantes e co persoal dos servizos e o PDI máis directamente implicado.

Noutra orde de cousas, o reitor dá conta da xuntanza mantida o pasado xoves coa ministra Ana Pastor, acompañada polo presidente de Renfe e parte do seu equipo directivo; nela puideron coñecer as capacidades da Agrupación Estratéxica Industria e Enerxía (INEX) e do AtlantTIC en relación cos ferrocarrís e as liñas de alta velocidade. Informa tamén da xuntanza mantida o sete de outubro coa nova presidenta da Deputación de Pontevedra, na que se acordou asinar un convenio marco que sistematice por primeira vez a colaboración coa Universidade de Vigo. Igualmente, refíre o apoio da Consellería de Educación no financiamento do proxecto de creación dunha sede institucional da Universidade de Vigo no Berbés, proxecto que será unha realidade en 2018.

Para finalizar o seu informe, o reitor expón que na xuntanza da Mesa do Claustro preparatoria do Claustro convocado para o día 14 de outubro, foi solicitado que neste apartado se ofrecera información acerca do desenvolvemento do portal da transparencia e das medidas que se están a tomar na universidade para cumprir a Lei de transparencia, así como do incremento da xudicialización. Para informar de ambos puntos, cede a palabra á secretaria xeral.

Respecto da transparencia na Universidade de Vigo, a secretaria xeral destaca o grande esforzo realizado nesta materia por tódolos servizos desta Universidade nos últimos tempos, como se comproba no avance experimentado nos rankings elaborados pola Fundación Compromiso y Transparencia. Facendo uso dunha presentación, que se anexa a este acta (**Anexo I**), a secretaria explica que no informe publicado no ano 2013 a Universidade de Vigo encontrábase clasificada entre as universidades “opacas” con só 14 puntos. No informe publicado no 2014 a UVigo atópase entre as máis transparentes, ocupando o 3º lugar. No informe emitido este ano, a Universidade de Vigo mellora a súa puntuación ocupando o quinto lugar, pero conseguindo 24 dos 26 puntos posibles. A secretaria xeral subliña de xeito especial a máxima valoración recibida en canto á transparencia na información económica. Toda esta información está ao dispor da comunidade a través do *Portal de transparencia* e do *Perfil do contratante*. Prosegue indicando que, con todo, obsérvase a pouca “amigabilidade” da páxina web trátase dunha das grandes eivas que debemos solucionar, xa que o reto non é tanto engadir máis información, senón facela máis accesible.

A continuación, a secretaria xeral, refírese á solicitude de información acerca da xudicialización e conflictividade na Universidade, explicando que os datos presentados están extraídos das memorias anuais publicadas na web da Uvigo, da sección de Asesoría Xurídica. Destaca que este aspecto tamén debe ser considerado como un aspecto máis da transparencia na Uvigo, xa que non é habitual que as universidades fagan pública esta información. Prosegue informando acerca dos recursos presentados nos últimos anos, a través das vías administrativa, xudicial laboral e contencioso administrativa, que se manteñen arredor dos 70 casos. Aínda que se se observaba un aumento no número de contenciosos-administrativos, que ascendeu a 33 o pasado curso, incidiu en que estas cifras non permiten falar dun incremento da conflictividade.

Para finalizar co informe o reitor indica que no próximo Claustro de decembro realizarase a elección dos membros do Tribunal de Garantías, agardando acadar o consenso que permita garantir a maioría cualificada necesaria para a elección de ditos membros.

Pregunta o reitor se algún membro do Claustro desexa algunha aclaración acerca do informe.

Intervén a profesora Pita Grandal para facer a observación de que o Valedor do Pobo é unha instancia de garantía para todos, e sería saudable que cando nos seus informes fai unha observación á Universidade por mor dunha queixa, a Universidade a escoitase e tomase as medidas oportunas.

Toma a palabra o profesor Rodríguez Gallardo para pedir que quere que conste en acta que non se fixo constar polo miúdo os puntos no informe do reitor, como se acordara na Mesa do Claustro. Continúa indicando que a aplicación da Lei da transparencia debería supoñer un debate público das prácticas irregulares, non consiste nunha páxina web.

O reitor di que as intervencións no punto do informe do reitor non son para facer un discurso valorativo do informe, senón para solicitar unha aclaración se se precisa.

O profesor Rodríguez Gallardo insiste en que a información achegada acerca da xudicialización está baseado nos breves informes de tres páxinas que realiza a Asesoría Xurídica, que é claramente insuficiente e que se ocultaba a información da Comisión de Reclamacións.

Responde a secretaria xeral dicindo que non se fixo constar o dato da comisión de reclamacións, xa que non había datos publicados de todos os anos comparados na táboa

O reitor engade que tómasse nota da súa reclamación e que se realizará unha información máis extensa nas memorias, tendo en conta as limitacións que establece a lei de protección de datos canto o tipo de información que se pode publicar.

Insiste o profesor Rodríguez Gallardo en que existe gran cantidade de situacións de acoso laboral na Universidade de Vigo e que deben ser tratados.

Intervén a profesora Sánchez Moreiras facendo dúas consideracións. En relación co cumprimento da Lei da transparencia, indica que non se está a cumprir, xa que esta esixe un tempo na reposta dos recursos e solicitude de información de, como máximo, un mes, e sen embargo estalle chegando escritos nas últimas semanas que teñen un retraso de máis de 6 meses e algúns incluso de 10 meses. En resposta ao reitor que di que iso non é transparencia, senón trámite administrativo, a profesora Sánchez Moreiras apunta que iso está contemplado na Lei de transparencia e que cumpri-la non consiste só en ter unha páxina web, senón en cumprir con todos os supostos da mesma. En relación aos procesos de xudicialización, di que houbera estado ben que se tiveran presentado os datos das tres universidades e solicita información sobre as funcións da Asesoría Xurídica e a quen se debe a mesma, xa que indica que a través dos seus informes parece que está a traballar só para algúns membros da Universidade. Solicita que se lle responda por escrito en referencia a cales son as funcións da Asesoría Xurídica.

O reitor responde que o servizo de Asesoría Xurídica é un servizo profesionalizado e totalmente independente do Equipo de Goberno e independente da Xerencia. A súa labor é a de garantir o soporte xurídico necesario para a toma das decisións de goberno.

Pide a palabra un representante do PAS, o Sr. Xoán Cebro, que desexa facer unha aclaración sobre a manifestación, que cualifica de perversa, que vén de ser realizada. Resalta que os tres letrados que forman a Asesoría Xurídica gañaron o seu posto por concurso, son totalmente profesionais, que é o desexable. Recalca que non son postos ocupados por libre designación, e os que os ocupan son independentes. Comenta que, como sabe por experiencia propia, os informes que emite este servizo, son en ocasións favorables e noutras desfavorables. Insiste en que non se pode poñer en dúbida a súa profesionalidade.

O profesor Rodríguez Gallardo insiste na liña apuntada pola profesora Sánchez Moreiras. Di que as cuestións que realizou no Claustro foron respondidas con meses de retraso, e iso vai en contra da Lei da transparencia; e as respostas chegaron xusto no medio do proceso de xudicialización dun funcionario desta Universidade.

O reitor finaliza este punto e dá paso aos restantes puntos da orde do día.

Punto 3. Aprobación, se procede, do Plan de Actuación e Acollida de Alumnos e docentes refuxiados.

O reitor indica que, xunto coa convocatoria desta sesión do Claustro foi entregada a proposta de actuación para a acollida de refuxiados sirios na Universidade de Vigo. É vontade do Goberno que este plano de actuación sexa apoiado por toda a Universidade de Vigo como expresión da súa solidariedade, polo que se presenta diante do Claustro Universitario para o seu apoio. Cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, para que dea lectura ao texto do plan.

O vicerreitor explica que seguindo as liñas definidas pola Conferencia de Reitores das Universidades Españolas, reunida en asemblea xeral o 7 de setembro de 2015, a UVigo pon en marcha un plan enfocado a acoller e facilitar a estancia, os trámites e a incorporación do estudiantado e profesorado das universidades Sirias. A continuación pasa a esquematizar os tres eixos básicos desta actuación, segundo o

documento **Anexo II**, que se centra o primeiro deles en facilitar a incorporación dos estudantes, o segundo en facilitar a cooperación co profesorado e un terceiro que implica a creación dun programa de voluntariado que axudará cos trámites e facilitará a integración dos refuxiados, baseado na figura de estudante guía. Indica tamén que se propón o apoio á inmersión en familias.

Explica que o plan foi elaborado polas vicerreitorías de Estudantes e de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, e se desenvolverá en colaboración cos representantes dos estudantes e o persoal da Universidade de Vigo.

Finalizada a exposición do vicerreitor, pregunta o reitor se algún membro do Claustro desexa intervir.

O profesor Fariña Rodríguez intervéñ para solicitar se é posible realizar unha oferta dun número concreto de persoas que poden ser acollidas, en función do soporte económico que teña o plan presentado.

Responde o vicerreitor que non é posible realizar unha oferta concreta, que este plan forma parte dunha acción global das diversas universidades. A CRUE reunirá todas as ofertas. Cando os refuxiados cheguen a España, realizaranse as ofertas conxuntamente e, con posterioridade, distribuiranse en función da súa elección. Lembra as dificultades que están a ter os refuxiados na actualidade, e cos datos que se están barallando o número que se pode achegar a España é limitado. Recalca que temos capacidade para absorber a aquelas persoas que desexen incorporarse á nosa Universidade.

Insiste o profesor Fariña en que, aínda que comprende que esta oferta se ten que encaixar nunha estrutura superior, debería haber unha oferta concreta do número de profesores visitantes que podemos absorber.

O vicerreitor responde que este plan implica unha oferta concreta, xa que hai un compromiso de bolsa de axuda para os estudantes refuxiados que veñan, e un plan para acoller aos profesores favorecendo a súa integración e cooperación cos grupos da Universidade.

Intervén o reitor para indicar que este plan deberá cuantificarse anualmente a través do mecanismo que regula a chegada dos refuxiados. Nesta etapa hai que facer accesibles esas medidas, que dan resposta á demanda da CRUE, aos que cheguen inicialmente e posteriormente debería ser o Consello de Goberno o que valore e controle o seu desenvolvemento.

Punto 4. Aprobación, se procede, da Moción a prol da recuperación da categoría de “Materia sen docencia”.

Comeza o reitor indicando que este punto foi incluído na orde do día a petición do representante de alumnos D. Luis González Varela na Mesa do Claustro, polo que lle cede a palabra para que realice a presentación do mesmo. O Sr. González Varela indica que será presentado por D. Miguel Diéguez.

Este agradece a palabra e a axuda da vicerreitora de Estudantes, quen proporcionou a información que sustenta esta proposta. Inicia a presentación indicando que se trata de intentar recuperar un dereito que se tiña. Anteriormente, as materias de plans de estudos con dereito a exame, pero nas que xa non se impartía docencia, abonábanse ao 25% dos prezos de tarifa, aplicable a todos os alumnos. Pero no decreto do 2014, recollíase que nos plans a extinguir as materias sen docencia teñen unha tarifa reducida e constante, pero non os planos adaptados ao EEES, que deben pagar as mesmas taxas que os demais alumnos pero sen gozar dos dereitos polos que están pagando. O que crea unha situación inxusta de desigualdade. Explica que no seu centro solucionouse mantendo titorías e mesmo a avaliación continua e a docencia, pero recoñece que esta non é unha situación estable. É máis doado solucionalo coa extensión do pago do 25% do crédito tamén aos estudos de grao.

Intervén D. Luis Ángel Moreira, quen presenta unha alegación que será axuntada á acta (**Anexo III**), solicitando que se engada unha cautela para que ese 25% non supere os 30 euros que pagan os outros.

Ao non haber máis intervencións, apróbase por asentimento.

Punto 5. Elección dos Membros da Comisión do Plan Estratéxico 2016-2020.

O reitor indica que, tal e como se acordou ao inicio da sesión, ábrese un período de 15 minutos para que os membros da Mesa e os claustrais que non puideron votar o fagan agora.

Transcorrido o período establecido, procédese ao reconto dos votos emitidos. O reitor cede a palabra á secretaria xeral para que dea lectura dos resultados.

a) A secretaria xeral dá conta de que era necesario elixir sete representantes polo sector PDI A, presentándose tan só cinco candidaturas:

- Edita de Lorenzo Rodríguez
- María López Díaz
- Xosé M^a Mahou Lago
- Luís Muñoz López
- Xosé H. Vázquez Vicente

Restando dúas vacantes que serán cubertas no próximo Claustro.

b) Polo sector do PDI-B presentáronse tres candidaturas para 2 prazas, e tras as eleccións e o reconto de votos foi o seguinte:

- Belén Díaz Fernández: 3 votos
- Óscar Ferreiro Vázquez: 1 voto
- Pedro González Santamaría: 1 voto
- Dous votos en branco.

Segundo o artigo 6 do Regulamento de réxime interno do Claustro, no caso de que dous ou máis candidatos/as obteñan un mesmo número de votos darase preferencia para a proclamación ao de maior antigüidade na Universidade de Vigo, polo que quedan nomeados os seguintes representantes:

- Belén Díaz Fernández
- Oscar Ferreiro Vázquez

c) No sector de estudantes deben elixirse 4 representantes, presentándose dúas candidaturas:

- Pedro Alfonso Carbó
- José Miguel Diéguez Rodríguez

Ao presentarse menor número de candidatos que de prazas, quedan nomeados estes representantes e abrírase un novo proceso electoral para cubrir as dúas vacantes no próximo Claustro.

d) No sector PAS, presentáronse dúas candidaturas para dúas prazas, polo que non é necesario facer eleccións e quedan nomeados:

- Carlos Mollinedo Lois
- María José Ríos Santomé

Punto 6. Elección dos seguintes representantes no Consello de Goberno:

a) Sector Estudiantes: 2 vacantes. A secretaria xeral informa de que se presentaron tres candidaturas, polo que é necesario realizar eleccións e tras as votación e o correspondente reconto, os resultados foron

- Pedro Alfonso Carbó: 5 votos
- José Ángel Álvarez Moreira: 1 voto
- José Miguel Diéguez Rodríguez: 4 votos
- E un voto branco

Polo que resultan membros electos do Consello de Goberno:

- Pedro Alfonso Carbó
- José Miguel Diéguez Rodríguez

b) Sector Decanos/Directores. Informa a secretaria xeral que se presentaron dúas candidaturas para cubrir dúas vacantes, polo que quedan nomeados:

- Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
- Elena Celsa Seoane Posse

Punto 7. Elección do seguinte representante na Comisión Encargada da Modificación dos Estatutos:

Informa a secretaria xeral que se presentou unha única candidatura para cubrir unha vacante, polo que non é necesario realizar elección, e queda nomeado:

- José Ángel Álvarez Moreira

Punto 8. Elección dun membro da Comisión de Reclamacións a Prazas do Profesorado Funcionario: 1 vacante.

Indica a secretaria xeral que só se presentou unha candidatura, polo que queda nomeada:

- Esther Pillado González

Punto 9.- Rogos e Preguntas:

Intervén o Sr Cebro Rodríguez, para reiterar unha petición que formula habitualmente no Consello de Goberno. Solicita que o reitor inste diante da Consellería para que se solucione o problema que se xera no acceso á Universidade polo desaxuste dos calendarios: Cando os alumnos que superan a selectividade en setembro acceden xa co curso empezado, polo que perden prácticas e outros dereitos.

Continúa o Sr. Cebro lamentando que, tras unha sentenza moi clara sobre os niveis dos PAS e polo que considera unha irresponsabilidade, forzouse a que a 200 persoas tiveran que chegar ao Tribunal Superior de Xustiza, con gastos xudiciais correspondentes.

Presenta a continuación unha reclamación acerca da denegación dos dereitos de formación para o persoal. Engade que non se reúnen as comisións, poñendo por exemplo a de Prevención, que non se reúne dende fai ano e medio.

Prosegue a súa intervención facendo mención ao anexo á acta do Claustro do 1 de xullo, presentada polo prof. Rodríguez Gallardo. Indica que nese dossier presenta anexos de escritos e correos á lista de comunidade en contra de Sergio Pajares, enviados por catro persoas das preto de 4000 que compoñen o PDI. Expón que se fixeron denuncias públicas que fan evidente que estas persoas perciben unha realidade paralela do que percibe o resto da comunidade, denunciando unha situación de acoso por parte de todas as persoas que non opinan igual.

A continuación, refíre que o 19 de febreiro de 2015 presentou un escrito como presidente da Xunta PAS solicitando que se identificara ás persoas que usan a conta ADUVI. Reclama unha resposta á calumnia pública realizada, con acusacións moi graves por parte destas persoas. Considera que é unha obriga da Universidade investigar os feitos e determinar as responsabilidades. Esixe por parte da Universidade unha investigación e que se poña en coñecemento da xustiza estas persoas.

Responde o reitor ao primeiro punto indicando que en numerosas ocasións se intentou por parte das tres universidades esa modificación, pero non se logrou.

Cede a palabra á secretaria xeral, quen explica que o retraso na resposta ao seu escrito débese, por unha parte, á súa propia baixa e, por outra, á solicitude dun informe a un gabinete especializado en dereito penal que valorase a posibilidade de un delito, xa que nese caso non podería ser resolto na vía administrativa. Cando se reciba o informe, responderase.

Intervén o representante de alumnos Miguel Diéguez, quen dá traslado das preguntas (**Anexo IV**) realizadas tamén por outros representantes, motivadas pola memoria de negocios presentada no Claustro do 1 de xullo, da Aeroespacial, no que se menciona entre as actividades a realizar en colaboración co Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas unha especialización en drones, e se menciona en concreto o modelo Atlante que, de xeito recoñecido, é un dron militar. Expón a preocupación de que a Universidade teña entre os seus plans a participación nesta investigación militar. Presenta unhas preguntas formuladas por escrito, ás que dá lectura e agradecen que se lles responda tamén por escrito. Queren deixar claro que apoian a investigación con drones polo seu interese científico e comercial (detección de incendios, salvamento no mar etc).

Responde o reitor que a Xunta quere darlle saída as pistas das Rozas. Afirmar que se van asinar acordos coas empresas de aeronáutica civil e do sector aeroespacial. Opina que o futuro de Rozas non pasa polos acordos puntuais co INTA, se non da colaboración que se estableza a partir da creación do Centro de Investigación Aeroespacial, e a intervención da universidade desenvolverase nese sentido: aportando o potencial dos seus grupos de investigación nesta colaboración. Confirma que tras analizar as cuestións formuladas en detalle se lle responderá por escrito.

Intervén o profesor Fariña, quen pregunta en relación coa dificultade que encontra, como director de departamento, para realizar a planificación do gasto. Señala a imposibilidade de realizar unha planificación cando se reciben ingresos a principios de novembro e o final de gasto se sinala o 20 de novembro. Solicita que as achegas se realicen o antes posible, para posibilitar unha correcta organización. Afirmar que co novo sistema de facturación pódese realizar unha xestión máis eficiente, pero non se poden facer pedidos sen ter unha aplicación contable contra a cal realizar o pedimento.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación. Responde o vicerreitor dicindo que o orzamento estrutural dos departamentos se coñece dende o principio. Debe referirse a outras partidas (VAD, ou produción científica), que se aproban con posterioridade e precisan unha distribución.

Intervén o representante de estudantes Luis González, quen realiza unha serie de preguntas:

En primeiro lugar, a raíz do informe do reitor, pregunta polas mesas de negociación cos estudantes nos próximos meses; desexa saber se hai unha previsión de cando poderá terse finalizada a normativa.

Pregunta a continuación polos complementos formativos do máster. Cuestiona que, para impartir esa docencia aos alumnos de máster, en algúns casos créanse grupos específicos, pero noutros casos os alumnos intégranse totalmente nos grupos de grao, pero pagan un sobrecoste porque eses créditos considéranse de máster, cando na realidade, a única diferenza é o código.

A continuación, quere que se clarifique o papel da Universidade no proxecto que se desenvolve nun aeroporto de aplicación militar, para que non se chegue á paradoxa de acoller estudantes de países bombardeados con eses drones.

Responde o reitor que na súa intervención anterior xa deixou claro que a Universidade traballará en colaboración con empresas civís aportando o coñecemento e a capacidade dos seus grupos. En relación coa previsión para rematar a redacción das normativas, consultarase coa vicerreitora e darase resposta por escrito.

Responde a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado á cuestión relativa á matrícula nos complementos formativos de máster. Expón que, aínda que este tema non é directamente da súa competencia, cre que o prezo dos créditos veñen fixados polo decreto que fixa os prezos públicos. Engade que aínda que poidamos interpretar as normas de matrícula, non temos capacidade para modificar os prezos públicos, xa que son valores que nos veñen impostos. Di que aínda que non está presente a vicerreitora de Estudantes, cónstalle que está traballando neste aspecto, analizando as distintas posibilidades.

Toma a palabra o profesor Rodríguez Gallardo para reiterar a súa petición de que se achegue máis información das comisións de reclamacións, que non aparecen reflectidos na sección da Asesoría Xurídica na memoria académica. Refire que, a resulta das eleccións sindicais, dende a sección da STEG detectouse un volume de acoso moi importante no Campus de Pontevedra. Expón que están facendo un

traballo moi importante neste sentido e que se presentará na institución, para amosar aquilo que pensan que non funciona ben. Engade que se na institución non se logra unha resposta satisfactoria a este tema recorrerán a outras vías, xudicial ou a outras. Insiste na existencia de importantes temas de acoso e que a vía que existe de resolver estes conflitos na Universidade non funciona. Queren levar a cabo unha actuación clara e honesta. Presenta o caso particular da profesora Adela Sánchez, que está a sufrir un claro caso de acoso; un caso no que existe unha información reservada contra ela, que estaba paralizada e se reactiva cando se inicia un caso xudicial.

Continúa expoñendo que cando un traballador solicita información, as institucións teñen que responder axiña e que hai moitos compañeiros que se queixan da lentitude da resposta. Considera que debe mellorar o funcionamento democrático da Universidade. Refírese a continuación á intervención do reitor no Faro de Vigo, no que o reitor di que actuou correctamente no caso de Sergio Pajares enviando un aviso directo e moi duro, e que despois esta persoa non volveu a intervir nas redes. Di que pouco despois volveu a publicar en comunidade no mesmo sentido. Continúa dicindo que o reitor afirma que se actualizou a normativa para poder sancionar, e quere saber en que sentido. Di tamén que actuou a comisión de igualdade e quere saber cal foi a súa actuación. Pregunta tamén se é certo o dito pola secretaria xeral que se solicitan informes alleos pagados con cartos públicos.

¿Cómo pode o reitor da Universidade de Vigo dicir na entrevista do 1 de novembro de 2015 publicada no Faro de Vigo que non sabía nada do comportamento machista, homófobo e vexatorio de Sergio Pajares Domínguez se este se burlaba das súas vicerreitoras?

Solicítolle ao reitor da Universidade de Vigo que faga público o suposto “aviso directo e moi duro” que lle dirixiu a Sergio Pajares Domínguez.

Posteriormente ao 29 de setembro de 2015, cando se produce o xuízo contra a Universidade de Vigo por permitir mensaxes machistas e homófobas, Sergio Pajares volve a enviar mensaxes na mesma liña. Nesa entrevista do 1 de novembro de 2015 o reitor afirma que están en proceso de actuación tales manifestacións, ¿que quere dicir con esto?

Así mesmo, o reitor afirma que despois da primeira denuncia actualizouse a normativa para poder facer sancións no uso da conta, ¿que quere dicir con esto? Tamén o reitor afirma nesa entrevista que a comisión de igualdade actuou de oficio despois das novas manifestacións de Sergio Pajares Domínguez e que emitiu o informe, ¿que afirma ese informe?

Solicito a aplicación da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, de forma que como esta sinala se realice unha avaliación pública e periódica da Xerencia e da Vicexerencia da Universidade de Vigo.

Dado que a Universidade de Vigo ten que facer fronte ao pago, con recursos públicos, de 42 000 euros aos alumnos afectados polas irregularidades no estudos de ciencias policía e detective privado, unha titulación inexistente, ¿a Universidade de Vigo actuou contra Javier de Vicente Remesal, sobre quen supostamente existe unha querela por presuntos delitos de estafa agravados por falsidade documental e prevaricación? ¿Solicitouse neste caso un informe externo a algún penalista ou especialista?

Responde a secretaria xeral á primeira parte da intervención, indicándolle ao profesor Rodríguez Gallardo que se teñen información de situacións de acoso, deben denunciálo diante da institución. Lembra que existe un protocolo de actuación nestes casos e un comité de intervención e resolución de conflitos no que se deben analizar estes temas.

En relación á información reservada aberto, explica a secretaria xeral que foi incoado para esclarecer as circunstancias que rodeaban un procedemento de contratación, no que a propia mesa de contratación sinalaba na acta a posible existencia de irregularidades. Non se abriu para investigar a ningunha persoa en concreto. En relación coa solicitude de informes externos aclara que, como xa indicara anteriormente o reitor, o servizo de Asesoría Xurídica da soporte legal as decisións da reitoría. Cando é necesario abordar un campo fóra da súa especialización, pódese solicitar un informe a expertos na materia.

Intervén o reitor para complementar a información ofrecida pola secretaria xeral. Reitera que a Asesoría Xurídica é independente, e son os propios letrados os que poden solicitar un informe externo para ter a fundamentación xurídica necesaria nas súas decisións e poder sustentar a actuación do reitor. Explica que

cando existe unha denuncia que acusa a un traballador ou traballadora da Universidade da comisión dun delito, a actuación sería dar trámite directamente á Fiscalía. Nunha medida de salvagarda, se solicita un informe que permita establecer se existe causa de delito. No caso de que o informe se elimine ese extremo, pode actuarse pola vía administrativa.

En relación coas noticias da prensa, lembra o reitor que as palabras non sempre poden ser tomadas ao pé da letra. Resume que neste caso houbo unha denuncia, que son tratadas na vía administrativa: dado que o informe da Asesoría Xurídica indicou que non había motivo para unha sanción disciplinaria, a Unidade de Igualdade emitiu un comunicado. Posteriormente, este caso foi levado ao contencioso, polo que, nestes momentos, non se debe dicir máis, débese agardar a resposta do xuíz.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:15 h do día 9 de novembro de 2015, da que eu como secretaria xeral dou fe co vº. e pr. do reitor.



Salustiano Mato de la Iglesia



Gloria Mª Pena Uris